

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luís Menor Pérez, presidente da Deputación de Ourense, na representación que ostenta en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D.D.^a , alcalde/sa do concello de , autorizado para este acto en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe do acto o secretario xeral da Deputación.

MANIFESTAN

Primeiro. Que de conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as relacóns de cooperación entre as distintas administracións públicas, pódense levar a cabo a través de convenios administrativos que subscriban.

O artigo 30 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que a cooperación da Deputación pode realizarse, entre outras formas, a través da subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público fai referencia explícita aos convenios interadministrativos subscritos entre dúas ou máis administracións públicas.

Segundo. Que a administración titular de cada estrada, é a responsable do servizo público viario nela, tal e como indican a Lei 8/2013 de estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, polo que se aproba o seu Regulamento.

Neste sentido, e coa chegada da estación invernal, é preciso realizar actuacións de tratamento preventivo e curativo con aplicación de fundentes en determinadas estradas municipais, todo isto para garantir o servizo público viario en condicións de seguridade, e, en moitos casos, os concellos carecen de medios propios para a prestación deste servizo.

Terceiro. Que, para tal fin, pola ÁREA de Infraestruturas da Deputación, coa asistencia da Secretaría Xeral, procedeuse á elaboración dunha proposta de convenio, acompañada dunha memoria xustificativa conforme co esixido na vixente Lei de réxime xurídico do sector público.

Cuarto. Que, polo exposto, no presente acto, as partes proceden ao outorgamento, en documento administrativo, do presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a subministración de fundentes e actuacións de tratamento preventivo e curativo en estradas municipais, de conformidade coas seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións e os compromisos das partes para a asistencia e cooperación da Deputación Provincial de Ourense aos concellos da provincia, consistente na subministración de fundentes e a realización actuacións de tratamento (preventivo e curativo) en determinadas estradas municipais, para garantir a prestación axeitada do servizo público viario.

Segunda. Compromisos das partes.

- 1. Son obrigas da Deputación Provincial no marco do presente convenio de colaboración:**
 - a. Posta a disposición do concello (subministración en orixe) da cantidade de fundentes solicitada, nun prazo máximo de vinte e catro (24) horas a contar dende a xustificación do ingreso correspondente.
 - b. Aplicación do tratamento preventivo con fundentes ás 24 horas da solicitude cursada polo concello, no caso de que a estrada municipal teña unha largura de máis de 3 m de calzada e exista posibilidade de cambio de sentido ou saída directa, sen necesidade de dar a volta. Noutro caso non poderá aplicarse.
 - c. Aplicación de tratamentos curativos con fundentes, dependendo da dispoñibilidade de medios efectivos, no caso de que a estrada municipal teña unha largura de máis de 3 m de calzada e exista posibilidade de cambio de sentido ou saída directa, sen necesidade de dar a volta. Noutro caso non poderá aplicarse.
- 2. Son obrigas dos concellos no marco do presente convenio de colaboración:**
 - d. Nomear un responsable que actúe como interlocutor coa Deputación e sexa coñecedor da rede viaria municipal. Será o representante polo concello na comisión de seguimento.
 - e. Cumprir cos protocolos que se establecen nas cláusulas terceira e cuarta.
 - f. Ingresar en tempo e forma as cantidades que correspondan polas subministracións entregadas e/ou os tratamentos realizados.
 - g. Estar ao corrente no pago das subministracións de fundentes e de tratamentos preventivos e curativos que se teñan practicado nos viarios municipais en anos anteriores.

Terceira. Protocolo para a subministración de fundentes.

- 1. Remisión da solicitude de subministración de sal por parte do concello a través do rexistro electrónico da Deputación dirixida á unidade tramitadora do expediente (Negociado de Contabilidade da Área de Infraestruturas). Na solicitude deberá indicarse o tipo de sal e a cantidade que se solicita.**
- 2. Contestación da unidade tramitadora do expediente vía sede electrónica ao concello, indicando o importe a ingresar e a CC da Deputación Provincial para estes efectos.**
- 3. Remisión por parte do concello ao Negociado de Contabilidade, a través do rexistro electrónico, do xustificante de ingreso.**

4. Recollida do sal aboado no almacén máis próximo que conte no momento da subministración con disponibilidade de fundente.

Cuarta. Protocolo para a aplicación de fundentes.

1. Remisión da solicitude de aplicación de sal por parte do concello a través do rexistro electrónico da Deputación dirixida á unidade tramitadora do expediente (Negociado de Contabilidade da Área de Infraestruturas). Na solicitude deberá identificarse a estrada municipal, a súa xeometría (largura e lonxitude) e farase constar expresamente se existe posibilidade de cambiar de sentido ou se a estrada conta con saída directa.
2. Realización do tratamento (24 horas no caso de tratamentos preventivos e en función da disponibilidade de medios no caso dos curativos.)
3. Contestación da unidade tramitadora do expediente vía sede electrónica ao concello, indicando o importe a ingresar e a CC da Deputación Provincial a estos efectos.
4. Remisión por parte do concello, por Rexistro Electrónico, ao Negociado de Contabilidade, do xustificante de ingreso.

Quinta. Importe para os concellos das diferentes actuacións.

Actuación	Concello
T Subministro sal a granel	*72,00 €/T
T Subministro sal en cisterna	*90,00 €/T
T Subministro sal en big-bags	*92,00 €/T
T Subministro sal en sacos de 25 kg	*104,00 €/T
Km Tratamento preventivo nunha estrada	*7,00 €/km
Km Tratamento curativo de xeo nunha estrada	*10,00 €/km
Km Tratamento curativo de retirada de neve (menor ou igual 15 cm) e aplicación de sal nunha estrada	*15,00 €/km
Km Tratamento curativo de retirada de neve (máis de 15 cm) e aplicación sal, nunha estrada	Segundo valoración individualizada

*Prezos con IVE excluído

Coa achega económica do concello, a Deputación poderá contratar unha empresa colaboradora para a subministración ou para realizar as tarefas de mantemento da vialidade invernal, ou ben actuar con medios propios.

Os prezos serán actualizados en función dos prezos ofertados á Deputación de Ourense polos adxudicatarios do contrato de subministro de fundentes.

Sexta. Vixencia e duración.

O presente convenio ten efectos desde o día da súa sinatura, e terá unha duración de catro (4) anos. En calquera momento antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou acordar a súa extinción.

Sétima. Comisión de seguimento do convenio. composición e funcións.

A comisión de seguimento do convenio terá carácter paritario e estará integrada por un representante da Deputación e un representante do concello asinante.

A presidencia da comisión corresponderalle á Deputación Provincial. A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste convenio, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamiento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Son funcións da comisión:

- a) O seguimento da execución do convenio.
- b) A emisión de informe sobre a interpretación do convenio, en caso de discrepancia entre as partes.
- c) A resolución de discrepancias entre as partes.
- d) A emisión de informe nos supostos de incumprimento, resolución e liquidación do convenio.

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestiós sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

Oitava. Causas de resolución. liquidación.

O presente convenio resloverase polas seguintes causas:

- a) Polo transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- b) Polo acordo unánime das partes.
- c) Polo incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes, a pedimento da outra parte. Neste caso, a parte que solicita a resolución deberá notificarlle á outra parte un requerimento para que cumpla as súas obrigas nun prazo determinado. Do requerimento formulado daráselle traslado á comisión de seguimento,

para informe. Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistise o incumprimento, a parte que o formulou notificarolle á outra parte a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

Producida a resolución do convenio, este entrará en liquidación, que será aprobada pola Deputación Provincial, tralo informe previo da comisión de seguimento. Contra o acto de liquidación procederán os recursos previstos contra os actos administrativos no ordenamento xurídico.

Na liquidación incluiranse os danos e perdas causados pola resolución, que serán imputables á parte que os causase conforme coas regras xerais de responsabilidade contractual.

En todo caso, a liquidación suxeitarase ao previsto no artigo 52 da Lei de réxime xurídico do sector público.

Novena. Réxime de modificación do convenio.

Calquera modificación do presente convenio requirirá o acordo expreso das partes que o subscreiben.

Décima. Publicidade.

O presente convenio será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, na sede electrónica e no portal de transparencia da Deputación, para xeral coñecemento.

Publícase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación deste convenio se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer potestativamente un recurso de reposición ante a Presidencia da Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

En caso de entidades locais, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requerimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requerimento previo-, se contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requerimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.